CELEBRACION DE MATRIMONIOS CIVÍS

Descrición

Trámite para a celebración de vodas civís no Concello de A Pobra do Caramiñal

Dirixido a

Persoas que desexen celebrar matrimonio civil no Concello de A Pobra do Caramiñal

Requisitos

Para celebrar matrimonio civil no Concello de A Pobra do Caramiñal deberá:

1º.-Tramitar a solicitude no Rexistro Civil (Xulgado de Paz) que corresponda ao lugar de empadroamento dalgún dos contraentes. No Rexistro Civil (Xulgado de Paz) indicaranlles a documentación que deben aportar para iniciar a tramitación.

(Os datos do Rexistro Civil de A Pobra do Caramiñal son: Casa do Concello nº 29-baixo. 15940.- A Pobra do Caramiñal. Tlf: 981.83.01.25)

2º.- Solicitar data de voda no Concello de A Pobra do Caramiñal, aportando os seguintes documentos:

- Copia da súa solicitude ante o Rexistro Civil, con selo de entrada do mesmo.
- Modelo de solicitude que se lle entregará no Rexistro Xeral do Concello, cos datos dos contraentes, data e hora elixida para a celebración do matrimonio, e os datos das dúas persoas que actuarán como testemuñas da cerimonia (nome, DNI e residencia; teñen que ser maiores de idade e poder ser ambos familiares)
- De acordo co disposto no artigo 57 do Código Civil, un dos contraentes deberá ter o seu domicilio e estará empadroado no Concello da Pobra do Caramiñal.
- Solicitude de liquidación da taxa nas entidades bancarias autorizadas.
- A data e hora de celebración fixaranse de acordo co Gabinete da Alcaldía. As vodas civís terán lugar de luns a venres de 12.00 a 15.00 h. (sen custo algún) e sábados laborables de 11.30 a 13.30 horas e de 17.00 a 19.30 horas, agás os festivos. Se por causa de forza maior fose necesaria algunha modificación por parte dos peticionarios razoarase debidamente por escrito que se resolverá por parte do Servizo de Protocolo.

- Os interesados deberán acudir ó Gabinete de Alcaldía para reservar a data e hora do enlace de acordo co calendario de actos oficiais
- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro no momento de concretar a data da cerimonia.
- A documentación necesaria para contraer matrimonio civil no Concello de A Pobra do Caramiñal haberá que presentala no Gabinete da Alcaldía cunha antelación mínima de quince días hábiles respecto da data da voda
- A reserva da data quedará formalizada logo de tela solicitada por escrito, previo pago da taxa correspondente.

3º.- As reservas de data e hora faranse por rigoroso orde de solicitude e o seu outorgamento quedará supeditado ás necesidades propias do Concello respecto ao uso do Salón de Plenos.

Notas para o cidadán

1º.- Na data e hora sinalada para a celebración do matrimonio, persoal do Concello recibirá aos contraentes, testemuñas e invitados, invitándolles a acceder ao Salón de Plenos. Unha vez acomodados no mesmo fará acto de presenza o Alcalde ou Concelleiro delegado, que presidirá a cerimonia e autorizará o matrimonio.

2º.- Permitirase a colocación de adornos florais e actuacións musicais no Salón, sempre que non causen danos.

Dende o inicio e durante a cerimonia poderán realizarse reportaxes fotográficas ou gravacións de vídeo.

Dentro da Casa Consistorial non se poderán lanzar flores, pétalos, arroz ou outros obxectos habituais neste tipo de cerimonias.

A duración da cerimonia é de aproximadamente 15 – 20 minutos.

3º.- Durante o tempo da cerimonia unicamente os vehículos dos contraentes (2) terán reservado un espazo de aparcamento preto da Casa Consistorial, no lugar que lle indique o persoal do Concello.

4º.- A celebración farase en galego ou castelán, segundo elección dos contraentes.

5º.- Celebrado o matrimonio, o Concello de A Pobra do Caramiñal remitirá a acta de matrimonio ao Rexistro Civil do Concello de A Pobra do Caramiñal para a súa inscrición, o cal expedirá o correspondente Libro de Familia.

Información sobre o custo

Normativa municipal reguladora : Ordenanza fiscal nº 35 reguladora da taxa pola prestación de servizos municipais asociados á celebración de matrimonios civís.

Solicítase en

Rexistro Xeral do Concello de A Pobra do Caramiñal, rúa Gasset, nº 28. 15940.- A Pobra do Caramiñal

Tlf: 981.84.32.80

Fax: 981.83.11.92

Correo: alcaldia@apobra.org

Horario: de luns a venres (agás festivos) de 09:00 a 14:00 h. Os sábados e os días 24 e 31 de decembro de 10:00 a 13:00 h.

Tramítase en

Gabinete da Alcaldía

Enderezo: rúa Gasset nº 28 – 1º planta

Tlf: 981.84.32.81

Correo: alcaldia@apobra.org

Horario : de 09:00 a 14:00 h de luns a venres, agás festivos.